

1. Decide se as seguintes palabras son masculinas (M) ou femininas (F):

rapaz	paraugas	mestre	informático
crocodilo	cama	ollo	castaña
sangue	pelo	mascota	can
rúa	gata	cervexa	viño
universidade	aula	mel	pan
traxe	reloxo	hospital	avoa
estudante	xiz	maceira	figo
león	irmá	galiña	artista
mar	sal	paisaxe	montaña
árbore	paxaro	viaxe	leite

2. Fai o feminino das seguintes palabras:

rapaz:	home:	can:
bailarín:	alemán:	irmán:
catalán:	actor:	león:
emperador:	avó:	rei:
chinés:	cidadán:	chorón:
lacazán:	heroe:	curmán:

3. Fai o plural das seguintes palabras:

limón:	oficina:	coche:	tren:
canción:	mar:	can:	luz:
muller:	xersei:	autobús:	luns:
animal:	oasis:	lapis:	sol:
xornal:	rei:	caracol:	sal:
papel:	hotel:	robot:	cor:

4. Escribe o artigo se corresponde (artigo determinado vs. indeterminado).

- _____ árbores durante _____ outono non teñen _____ follas.
- Tráeme _____ café e _____ pasteis eses tan ricos que levan _____ marmelada de amorodos.
- Quero que pintes _____ garaxe antes do inverno.
- Mercou _____ vestido verde escuro moi bonito.
- Manchou de chocolate _____ vestido verde que mercara.
- Na rúa había _____ gatos abandonados. _____ gatos eran de cor branca e negra.
- _____ eclipses de _____ Lúa son fenómenos que non se producen a miúdo.
- Necesito _____ leite e _____ azucre para facer _____ filloas.

5. Subliña os artigos. Fai as contraccións que sexan necesarias (preposición + artigo):

- Este oso de peluche é de o meu fillo.
- É filla de un avogado e de unha médica.
- Todos os días almorza con unha amiga. Queda con a súa amiga Ana.
- Por as mañás sempre vou a a cafetería de os meus curmáns.
- En as clases cústame moito facer exercicios de gramática.
- Por as noites, escoita música e vai a o mar a nadar.